

PROCEDIMENTO RESERVA HORARIA TEMPADA 2025-26
4 PAVILLÓNS: ELVIÑA II, AGRA II, MONTE ALTO e MONTE DAS MOAS
(A CORUÑA)
PARQUE DEPORTIVO ACEA DA MA (CULLEREDO):
CAMPOS DE FÚTBOL, BÉISBOL E RUGBI

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

OBRIGATORIO:

- Formulario habilitado con **datos administrativos** da entidade solicitante.
- **Certificación de alta no Rexistro de Entidades Deportivas** da Secretaría Xeral para o Deporte, cando así o estableza a lexislación.
- **Certificación federativa actualizada**, conforme a entidade solicitante desenvolve actividade deportiva federada no momento da solicitude.
- **Copia da/s póliza/s de seguro/s** correspondentes, no caso de organización de eventos.

LUGAR DA SOLICITUDE

- **TELEMÁTICAMENTE**, na plataforma informática habilitada pola FDG aos efectos.
<https://fundaciondeportegalego.gal/>

- **INFORMACIÓN** na sede da FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO en A Coruña:

- **Técnica responsable:** Sonia Martínez Jiménez

- **Presencial:** Complexo Deportivo de Elviña.

Praza de Agustín Díaz nº 1.

15008 A Coruña

- **Por teléfono:** 678 634 974 - 690 371 354
- **Por correo electrónico:** sonia.martinez.jimenez@xunta.gal

PRAZO DE SOLICITUDE

- Do **15 de xuño ao 31 de xullo** de cada ano para as periodicidades mensual, trimestral ou anual.
- Coa suficiente antelación en caso de alugueres puntuais.

PROCEDIMENTO

- Unha vez realizada a solicitude, entre o **1 e o 31 de agosto**, a FDG **confirmaralle** por correo electrónico a cada solicitante a resolución da súa solicitude.

- O **período máximo de confirmación da reserva** será do **1 de setembro ao 30 de xuño** de cada tempada deportiva, de modo que unha vez rematada a mesma, no caso de seguir interesadas, terán que proceder á súa renovación.
- A instalación reservada e confirmada **non poderá cederse ou alugar** a unha terceira entidade por parte da solicitante.
- As entidades que vexan confirmada a súa solicitude **poderán darse de baixa** da mesma antes do remate da tempada en curso, tendo que comunicalo á FDG antes do inicio de facturación dun novo mes.

PAGAMENTO

- O **procedemento de pagamento-cobro dos alugueres** realizarase, **entre os días 1 e 10 do mes seguinte**, realizándose a través de **transferencia bancaria** na conta da FDG ou mediante pago con **tarxeta bancaria**.
- **Tarifa de prezos** para o ano **2025** (revisable en xaneiro de cada ano):

Instalación FDG	Tarifa prezos 2025	FEDERADOS	NON FEDERADOS
PAVILLÓNS-A CORUÑA	4 pavillóns	17,38 €	34,61 €
PARQUE DEPORTIVO ACEA DA MA- CULLEREDO	Campo fútbol	26,49 €	45,91 €
	Campo rugby	50,44 €	87,41 €
	Campo béisbol	25,23 €	43,72 €

- As competicións oficiais, os programas de tecnificación e os adestramentos das Seleccións Galegas, dependentes das Federacións Deportivas Galegas estarán exentos do pago da tarifa.
- Os centros de ensino público anexos ás instalacións e programas deportivos dirixidos a estes centros de ensino farán uso gratuíto das mesmas no horario escolar e período lectivo.
- As entidades declaradas de utilidade pública abonarán a tarifa reducida (Federados).

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A confirmación de reserva realizarase en base á aplicación da orde dos seguintes criterios:

1º Centros CEIP e IES en horario escolar.

2º Actividades extraescolares e AMPAS en horario escolar.

3º Federacións Deportivas Galegas:

- 1.º. Competicións oficiais (internacionais/estatais/autonómicas/comarcais/loais).
- 2.º. Seleccións españolas/autonómicas.
- 3.º. Núcleos de tecnificación.

4º Entidades deportivas federadas, segundo:

- **Ámbito xeográfico** da competición:
 - 1.º. Estatal
 - 2.º. Autonómica
 - 3.º. Provincial
 - 4.º. Local
- **Proximidade xeográfica** da razón social dos clubs á instalación:
 - 1.º. Local
 - 2.º. Provincial
- **Categoría de idade** da competición:
 - 1.º. Absoluta.
 - 2.º. Intermedia (sub 23, sub 21, sub 20, sub 18.....)
 - 3.º. Previa absoluta e sucesivas (xunior, xuvenil, cadete, infantil, preinfantil...).
 - 4.º. Veteráns, másters...
- **Número de licenzas federadas.**
 - 1.º. Licenzas de competición.
 - 2.º. Licenzas de iniciación, recreación....

5ª Entidades deportivas non federadas: peñas, asociacións, agrupacións,...

6º Outros colectivos: particulares, universitarios, empresas...

O uso por parte destas entidades e colectivos deberán compatibilizarse cos programas desenvolvidos pola Fundación Deporte Galego